



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro xoves, 16 de novembro, a organización *Erguer* convocou unha folga no sector do alumnado. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das Normas de Organización e Funcionamento do IES Mugar dos:


“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugar dos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular.

Seguindo o procedemento, a dirección do centro agarda a que os pais e nais do alumnado asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que os servizos do centro (transporte, oficinas, docencia) funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan asistir a clase.


O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA
Entregar en secretaría do centro con 24 horas de antelación ao comezo da folga.

A cubrir pola secretaría do centro
DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....
en calidade de nai/pai/titor legal de.....
alumno/a do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga estudiantil convocada para o 16 de novembro de 2017.

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

FOLGA 16 DE NOVIEMBRE:

Erguer convoca unha folga o 16 de novembro en toda Galicia para loitar contra a LOMCE e contra o pacto de élites. Ten como obxectivo reivindicar una alternativa real a LOMCE, ao Plan Boloña e ao Decreto do 3+2, elaborada en clave de país.

A asociación está organizando, de xeito simbólico, un referendo en preto de 80 centros de múltiples comarcas do país, baixo a pregunta 'Cres que a alternativa á LOMCE e ao Plan Boloña é unha Lei Galega de Educación?'

"As forzas políticas españolas están a negociar de forma secreta un pacto de educación que pretenderán vendernos como un consenso, pero que está a ser elaborado, de novo, de costas á comunidade educativa galega. Desde Erguer consideramos que é fundamental que as estudantes teñamos voz na elaboración do noso modelo de ensino, e por iso realizamos durante todo o mes de setembro asembleas abertas en centros de ensino medio e facultades, de cara a recollermos propostas para a elaboración desa Lei Galega de Educación", expoñen nun comunicado.

2º BAC "B"

Delegado

Alma

subdelegado

[Signature]

2º BAC "A"

Delegado

[Signature]

subdelegado

[Signature]

1º BAC "A"

Delegado

[Signature]

subdelegado

[Signature]

1º BAC "B"

Delegado

[Signature]

subdelegado

[Signature]

4º ESO

Delegado

[Signature]

subdelegado

[Signature]

3º ESO

Delegado

[Signature]

subdelegado

[Signature]